



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Cultura

Anuncio creación do Consello Local da Lingua Galega do Concello da Coruña e aprobación das normas de organización e funcionamento

ANUNCIO

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral ditaminou na sesión ordinaria celebrada o día 07.07.2025 a proposta da Alcaldía para a creación do Consello Local da Lingua Galega e as súas Normas de Funcionamento, de conformidade co disposto no artigo 30 da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña.

Tras o ditame da Comisión informativa, a Alcaldía asinou o día 04.08.2025 o Decreto 5644/2025, cuxo contido se transcribe a continuación.

A Coruña, a 14 de agosto de 2025

O Concelleiro de Cultura e Turismo

Gonzalo Henrique Castro Prado

DECRETO

O Concello da Coruña ten como finalidade fomentar a maior participación posible da cidadanía na vida política, social, económica, cultural e deportiva, xa sexa por si mesma ou por medio de representantes. O dereito á participación está recollido na Constitución española de 1978.

A cidadanía debe poder comunicarlles directamente aos seus gobernantes cales son as súas necesidades e inquedanzas. Só desta forma se conseguirá satisfacer as necesidades xerais. É imprescindible que as cidadás e os cidadáns poidan formar parte do proceso de toma de decisións.

No caso concreto dos municipios, o dereito de participación faise máis factible por se tratar dunha Administración cunha relación máis próxima á cidadanía.

As coruñesas e os coruñeses deben poder participar da xestión municipal, de tal xeito que poidan axudar a construír o futuro da súa cidade. Para isto, a participación debe ser transversal e afectarlles ao maior número posible de políticas públicas levadas a cabo polo Goberno municipal. Neste sentido, pronúnciase o artigo 2 do Regulamento orgánico municipal (ROM).

O dereito á participación pódese facer efectivo a través de varios mecanismos. Un deles é a creación de consellos de participación cidadá de carácter sectorial ligados a servizos ou actividades concretas.

A principal ferramenta utilizada polo Concello da Coruña para lograr a participación da cidadanía nas decisións políticas do municipio foi a aprobación do Regulamento orgánico de participación cidadá, aprobado polo Pleno o 2 de novembro de 2004 (BOP do 13/12/2004). Este regulamento ten por obxectivo establecer os procedementos e órganos que fagan efectiva a participación dos veciños e veciñas da Coruña na vida pública local.

Baseándose no regulamento mencionado, ao longo do tempo, o Concello da Coruña creou diferentes órganos de participación da cidadanía.

Preténdese agora avanzar máis aló, coa posta en marcha deste tipo de órganos, mediante a aprobación das normas de organización e funcionamento do Consello Local da Lingua Galega da cidade da Coruña, que lle dará voz á cidadanía coruñesa.

O Consello Local da Lingua Galega (CLLG) está recollido na Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP da Coruña núm. 116 do 22/06/2021).

O artigo 30 da Ordenanza establece que para cumprir, velar e avaliar a aplicación desta ordenanza, ademais da comisión plenaria correspondente, o Concello da Coruña creará un Consello Local da Lingua.

No mesmo artigo establécese a composición mínima e necesaria do Consello, así como o procedemento para a aprobación das súas normas de organización e funcionamento. En concreto, no apartado 3 do artigo 30 establécese que a Alcaldía aprobará, previo debate na comisión plenaria correspondente, un regulamento de organización do Consello Local da Lingua, en que se especificarán, entre outros, a súa composición, o número de membros e os mecanismos de coordinación con outras estruturas municipais.

Propónse a creación do Consello Local da Lingua Galega e a determinación das súas normas de organización e funcionamento, como normas de aplicación internas, particulares e concretas.

O Consello Local da Lingua créase como un órgano colexiado de participación cidadá no ámbito lingüístico e con carácter consultivo. Está concibido como un espazo para asesorar, informar, debater, estudar, propoñer e traballar en rede, e ten como obxectivo achegarles as políticas lingüísticas municipais ás entidades da cidade, colectivos, veciñanza, institucións e demais persoas ou organismos que se vexan afectados dalgúnha forma polas políticas de normalización lingüística públicas.

O Consello Local da Lingua Galega da cidade da Coruña é un órgano de participación que pretende servir de espazo de encontro, relación e consenso sectorial.

Coa creación deste consello preténdese situar a normalización lingüística como eixe transversal e vertebrador da sociedade.

É preciso que as administracións públicas centren os seus esforzos no apoio á creación e á produción propias, na formación e participación de todos os axentes produtores e receptores e no intercambio con outras realidades lingüísticas.

Co Consello Local da Lingua Galega preténdese afondar na xestión democrática, participativa, activa e creativa dos programas de normalización lingüística desenvolto polo Concello da Coruña.

Coa creación do Consello ábreanse novas canles que vinculan a lingua galega coa sociedade do coñecemento e dáselle un maior protagonismo á cidadanía.

O Consello Local da Lingua Galega reflicte na súa composición a pluralidade de axentes que interveñen na política lingüística municipal e permite o diálogo e a cooperación entre cada unha das partes.

De acordo co anterior, e facultada polo artigo 2.3 do Regulamento orgánico de participación cidadá da Coruña e polo artigo 30 da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña, publicada no BOP da Coruña número 116 o día 22 de xuño de 2021, correspóndelle á Alcaldesa a aprobación destas normas, previo debate na comisión plenaria correspondente.

Por todo o exposto, resolvo:

Primeiro.- Crear o Consello Local da Lingua Galega do Concello da Coruña e aprobar as súas normas de organización e funcionamento, logo de ser sometidas previamente a debate na comisión plenaria correspondente, e ordenar a publicación das ditas normas na páxina web do Concello da Coruña e no BOP da Coruña para coñecemento xeral.

As normas achéganse a esta proposta de Decreto como Anexo, formando parte del.

A Coruña, 4 de agosto de 2025

A alcaldesa

Inés Rey García

ANEXO:

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO LOCAL DA LINGUA GALEGA DO CONCELLO DA CORUÑA
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello da Coruña ten como finalidade fomentar a maior participación posible da cidadanía na vida política, social, económica, cultural e deportiva, xa sexa por si mesma ou por medio de representantes. O dereito á participación está recollido na Constitución española de 1978.

A cidadanía debe poder comunicarlles directamente aos seus gobernantes cales son as súas necesidades e inquedanzas. Só desta forma se conseguirá satisfacer as necesidades xerais. É imprescindible que as cidadás e os cidadáns poidan formar parte do proceso de toma de decisións.

No caso concreto dos municipios, o dereito de participación faise máis factible por se tratar dunha Administración cunha relación máis próxima á cidadanía.

As coruñesas e os coruñeses deben poder participar da xestión municipal, de tal xeito que poidan axudar a construír o futuro da súa cidade. Para isto, a participación debe ser transversal e afectarlles ao maior número posible de políticas públicas levadas a cabo polo Goberno municipal. Neste sentido, pronúnciase o artigo 2 do Regulamento orgánico municipal (ROM).

O dereito á participación pódese facer efectivo a través de varios mecanismos. Un deles é a creación de consellos de participación cidadá de carácter sectorial ligados a servizos ou actividades concretas.

A principal ferramenta utilizada polo Concello da Coruña para lograr a participación da cidadanía nas decisións políticas do municipio foi a aprobación do Regulamento orgánico de participación cidadá, aprobado polo Pleno o 2 de novembro de 2004 (BOP do 13/12/2004). Este regulamento ten por obxectivo establecer os procedementos e órganos que fagan efectiva a participación dos veciños e veciñas da Coruña na vida pública local.

Baseándose no regulamento mencionado, ao longo do tempo, o Concello da Coruña creou diferentes órganos de participación da cidadanía.

Preténdese agora avanzar máis aló, coa posta en marcha deste tipo de órganos, mediante a aprobación das normas de organización e funcionamento do Consello Local da Lingua Galega da cidade da Coruña, que lle dará voz á cidadanía coruñesa.

O Consello Local da Lingua Galega (CLLG) está recollido na Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP da Coruña núm. 116 do 22/06/2021).

O artigo 30 da Ordenanza establece que para cumprir, velar e avaliar a aplicación desta ordenanza, ademais da comisión plenaria correspondente, o Concello da Coruña creará un Consello Local da Lingua.

No mesmo artigo establécese a composición mínima e necesaria do Consello, así como o procedemento para a aprobación das súas normas de organización e funcionamento. En concreto, no apartado 3 do artigo 30 establécese que a Alcaldía aprobará, previo debate na comisión plenaria correspondente, un regulamento de organización do Consello Local da Lingua, en que se especificarán, entre outros, a súa composición, o número de membros e os mecanismos de coordinación con outras estruturas municipais.

O Consello Local da Lingua créase como un órgano colexiado de participación cidadá no ámbito lingüístico e con carácter consultivo. Está concibido como un espazo para asesorar, informar, debater, estudar, propoñer e traballar en rede, e ten como obxectivo achegarlles as políticas lingüísticas municipais ás entidades da cidade, colectivos, veciñanza, institucións e demais persoas ou organismos que se vexan afectados dalgunha forma polas políticas de normalización lingüística públicas.

O Consello Local da Lingua Galega da cidade da Coruña é un órgano de participación que pretende servir de espazo de encontro, relación e consenso sectorial.

Coa creación deste consello preténdese situar a normalización lingüística como eixe transversal e vertebrador da sociedade.

É preciso que as administracións públicas centren os seus esforzos no apoio á creación e á produción propias, na formación e participación de todos os axentes produtores e receptores e no intercambio con outras realidades lingüísticas.

Co Consello Local da Lingua Galega preténdese afondar na xestión democrática, participativa, activa e creativa dos programas de normalización lingüística desenvolto polo Concello da Coruña.

Coa creación do Consello ábreanse novas canles que vinculan a lingua galega coa sociedade do coñecemento e dáselle un maior protagonismo á cidadanía.

O Consello Local da Lingua Galega reflicte na súa composición a pluralidade de axentes que interveñen na política lingüística municipal e permite o diálogo e a cooperación entre cada unha das partes.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto das normas

Estas normas teñen por obxecto regular a organización e o réxime de funcionamento do Consello Local da Lingua Galega da cidade da Coruña.

O Consello créase ao abeiro do que establecen o artigo 2 do Regulamento de participación cidadá do Concello da Coruña, aprobado polo Pleno o 2 de novembro de 2004 (BOP núm. 285, do 13/12/2004); e a Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña, aprobada polo Pleno o 3 de xuño de 2021 (BOP da Coruña núm. 116, do 22/06/2021).

TÍTULO PRIMEIRO. O CONSELLO LOCAL DA LINGUA GALEGA

Artigo 2. Natureza xurídica

O Consello Local da Lingua Galega (CLLG) é un órgano consultivo e de seguimento da política lingüística desenvolta no ámbito municipal, sen personalidade xurídica propia, colexiado e de participación cidadá.

O CLLG, dentro da súa potestade de autoorganización, permite a participación da cidadanía da cidade da Coruña nas políticas públicas municipais que adopte o Concello da Coruña en materia de normalización lingüística.

Os ditames e informes emitidos na sede deste órgano servirán de impulso na toma de decisións do Goberno municipal en materia de normalización lingüística.

Artigo 3. Obxectivos e finalidades do Consello Local da Lingua Galega

O Consello Local da Lingua Galega, como órgano de participación sectorial, serve de canle de participación das persoas e entidades, de natureza pública ou privada, con presenza na normalización lingüística da cidade da Coruña.

Ademais da emisión dos informes e ditames que procedan, canaliza as propostas de actuación e as inquiredanzas en materia de normalización lingüística e achégallas ao Concello da Coruña a través do Servizo de Normalización Lingüística ou, se fose o caso, da concellería ou área responsable de Normalización Lingüística.

O Consello asesora o Goberno e a Administración municipal en materia de política lingüística, sempre e cando se lle solicite expresamente a elaboración dun ditame sobre algunha materia en concreto. Non obstante o anterior, o Consello, por iniciativa propia, e tras o acordo dos seus órganos, poderá remitirle ao Goberno e á Administración municipal informes ou propostas de actuación referidas ao seu ámbito.

Deste xeito, o Consello contribúe a trasladar a opinión da sociedade coruñesa co fin de mellorar a xestión sobre a lingua galega e xerar debates e coñecemento sobre a normalización lingüística na cidade.

O CLLG, na súa organización e funcionamento, atende sempre aos seguintes valores:

- a) A defensa da transparencia, información e bo Goberno das entidades en prol da lingua galega.*
- b) A aposta por unha normalización lingüística transversal e vertebradora da sociedade.*
- c) O apoio á creación e produción propias, á formación e participación de todos os axentes produtores e receptores e ao intercambio con outras realidades lingüísticas.*
- d) A pretensión de afondar na xestión democrática, participativa, activa e creativa dos programas de normalización lingüística municipais.*
- e) O fomento e a promoción da lingua e cultura galegas.*
- f) A igualdade das persoas e a aplicación do axeitado tratamento de igualdade de xénero e das diversidades afectivo-sexuais.*

O CLLG terá as seguintes finalidades:

- a) Propoñer os ámbitos, seccións, franxas de idade e territorios nos que se considera prioritaria a intervención municipal en materia de normalización lingüística.*
- b) Propoñer mecanismos de coordinación entre todos os axentes que conflúen na normalización lingüística cos distintos sectores da cidade.*
- c) Contribuír a fomentar a vida asociativa no ámbito da normalización lingüística.*
- d) Promover a participación cidadá a través das entidades en prol da lingua galega da cidade e canalizar as demandas do sector.*
- e) Elaborar ditames sobre aqueles asuntos que sexan sometidos á súa consideración. Os seus ditames terán carácter consultivo e, por tanto, non serán vinculantes para a Corporación municipal.*

- f) Colaborar co Servizo de Normalización Lingüística ou, se for o caso, coa concellaría ou área responsable de Normalización Lingüística, cando así se lle solicite, como instrumento de planificación estratéxica da lingua galega na cidade.
- g) Estudar e analizar as cuestións relacionadas coa promoción da lingua galega en todos os ámbitos da sociedade.
- h) Participar na elaboración dos plans de normalización lingüística globais ou sectoriais e levar a cabo o seu seguimento.
- i) Proporlle ao Concello que elabore estudos ou ditames de cara a adoptar as medidas necesarias para mellorar a situación lingüística da lingua galega.
- j) Realizar propostas e propoñer iniciativas, plans e programas de actuación municipal propios do seu ámbito de actuación para sometelos á consideración da concellaría ou, de ser o caso, área con competencias en normalización lingüística.
- k) Avaliar os obxectivos e resultados da política lingüística do Concello. Para acadar eses fins, o Consello elaborará anualmente un ditame sobre todas as actuacións impulsadas ou realizadas por instancia do Concello.
- l) Constituírse como foro de debate e canle de participación dos axentes sociais e económicos do municipio da Coruña en materia de normalización lingüística.
- m) Contribuír á transparencia das políticas públicas municipais de normalización lingüística.
- n) As demais finalidades que lle encomende o Concello da Coruña e que teñan que ver coa natureza xurídica do propio consello.

Artigo 4. Composición do Consello Local da Lingua Galega

O Consello Local da Lingua Galega é un órgano aberto que está composto por:

Presidencia: está presidido pola persoa titular da Alcaldía da cidade da Coruña ou pola concelleira ou concelleiro en quen delegar.

Vicepresidencia: o/a concelleiro/a que sexa responsable da Área de Normalización Lingüística do Concello da Coruña.

Vogais:

- Representantes dos grupos políticos con presenza no Pleno do Concello, coa mesma proporcionalidade que neste órgano.
- O director ou directora da área do Concello da Coruña que teña asignadas as competencias en Normalización Lingüística.
- O/a concelleiro/a responsable da Área de Persoal.
- A persoa responsable da Secretaría Xeral deste Concello.
- O persoal técnico do Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña.
- Unha persoa representante da Xunta de Persoal e outra representante do Comité de Empresa do Concello da Coruña.
- Unha persoa representante da Real Academia Galega.
- Unha persoa representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.
- Unha persoa representante do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.
- Unha persoa representante da Área de Normalización Lingüística da Deputación da Coruña.
- Representantes das fundacións e das asociacións en prol da lingua galega e da normalización lingüística actúantes na cidade da Coruña, en especial, das asociacións veciñais, culturais, deportivas, xuvenís, do sector audiovisual, dos medios de comunicación, comercio, hostalería e ensino, así como de calquera outro sector relacionado coa lingua galega e a normalización lingüística, que teñan o seu domicilio social na Coruña e estean inscritas como tales nos rexistros legais correspondentes, o que deberá quedar acreditado conforme ao disposto no artigo seguinte, e que sexan invitadas a formar parte do CLLG por parte da Presidencia.
- Representantes de empresas privadas que traballen a prol da lingua galega e da normalización lingüística; entidades culturais con domicilio fiscal de fóra do termo municipal sempre e cando acrediten a súa actividade estable na cidade; e colexios profesionais de ámbito galego.
- Cinco persoas de recoñecido prestixio no eido da lingua galega e a normalización lingüística, que serán nomeadas pola Presidencia.

A inscrición ao CLLG realizarase por petición expresa das persoas e entidades interesadas.

O Consello contará, ademais, cunha **Secretaría**. A Secretaría será exercida por unha persoa funcionaria da concellaría ou área con competencias en Normalización Lingüística, designada pola propia concellería/área. A persoa secretaria terá voz pero non voto.

As persoas que forman parte do CLLG, no exercicio das súas funcións, actuarán con plena autonomía e independencia.

As entidades que formen parte do Consello designarán as persoas que as representen, así como as persoas que deban suplilas en caso de ausencia, vacante, enfermidade ou por outra causa xustificada.

As asistencias ao Consello Local da Lingua Galega, así como a calquera dos seus órganos, non darán dereito a percibir ningún tipo de retribución ou axuda de custo e faranse con carácter totalmente altruísta.

Artigo 5. Constitución do Consello

Para constituír o CLLG, a persoa titular da Alcaldía enviaralle unha invitación a cada unha das entidades que poden formar parte del, co fin de que comuniquen, se o consideraren oportuno, que persoa terá a condición de vogal durante o período de vixencia do CLLG, así como a súa suplente.

A Secretaría do CLLG comprobará que as persoas cumpran cos requisitos necesarios para desempeñaren a condición de vogais, e comunicarllo á Comisión Permanente ou, se non a houber, á Presidencia.

Logo de recibir todas as aceptacións para formar parte do CLLG, a Secretaría elaborará unha listaxe coas persoas que forman parte do dito Consello, tanto as titulares como as suplentes.

A duración do mandato dos membros do CLLG coincidirá co propio da Corporación; poderán ser reelixidos/as, así como ser substituídos/as antes da súa finalización polo grupo, institución, entidade ou asociación que os propuxese.

Procurarase a composición paritaria de xénero das persoas membros do Consello.

Artigo 6. Órganos de funcionamento do Consello Local da Lingua Galega

Para o seu funcionamento, o CLLG estará formado polos seguintes órganos:

- a) Presidencia
- b) Vicepresidencia
- c) Pleno
- d) Comisión Permanente
- e) Comisións específicas ou grupos de traballo
- f) Secretaría

TÍTULO SEGUNDO. A PRESIDENCIA E A VICEPRESIDENCIA

Artigo 7. A Presidencia do Consello Local da Lingua Galega

A Presidencia correspóndelle á persoa titular da Alcaldía da cidade da Coruña. A Presidencia poderá delegar as súas funcións.

A Presidencia, asistida pola Secretaría, dirixe o CLLG e asume a súa representación.

Correspóndelle á Presidencia convocar as sesións, fixar a orde do día e presidir as sesións do Pleno e da Comisión Permanente.

Tamén lle corresponde á Presidencia:

- a) Dirimir os debates co voto de calidade.
- b) A representación do Consello Local da Lingua Galega.
- c) Visar as actas e comunicar os acordos ou ditames, así como ordenar a súa publicación na páxina web municipal.
- d) Realizar as xestións e tarefas necesarias para o bo desenvolvemento e funcionamento do Consello.
- e) Resolver, logo de oír a Comisión Permanente, as dúbidas que se suscitaren sobre a aplicación das presentes normas específicas de funcionamento do Consello.
- f) Garantir a participación cidadá.
- g) Promover a coordinación entre o CLLG e o Goberno municipal e os órganos de xestión do Concello, co obxectivo de intercambiar información e, se se considerar necesario, propor medidas de actuación conxuntas.
- h) Velar por que se cumpran os obxectivos propios do Consello e que se adecúen as súas actuacións á normativa vixente.

- i) Por proposta do Pleno ou da Comisión Permanente, convidar a participar as persoas titulares doutras concellarías, o persoal técnico, as institucións ou entidades expertas nun tema concreto que foren obxecto de estudo ou cuxa opinión se quixer consultar.
- j) Solicitar a información e documentación complementaria necesaria sobre os asuntos tratados na orde do día, así como a asistencia técnica municipal ou de carácter externo que considere necesaria e oportuna para garantir o bo funcionamento do Consello.
- k) Desempeñar cantas funcións foren inherentes á súa condición de presidenta ou presidente.
- l) Designar as persoas de recoñecido prestixio no ámbito da política lingüística ás que fai referencia o artigo 4.
- m) Determinar as fundacións, empresas privadas, asociacións, entidades culturais, etc., mencionadas no artigo 4 como vogais, aos que dirixir as invitacións para formar parte do CLLG.

Artigo 8. A Vicepresidencia

O Consello Local da Lingua Galega terá unha vicepresidencia.

A Vicepresidencia estará composta pola/o concelleira/o que sexa responsable da Área de Normalización Lingüística do Concello da Coruña.

A Vicepresidencia encargarse de colaborar coa Presidencia no desenvolvemento das funcións que ten asignadas.

A Vicepresidencia, ademais, servirá de canle de comunicación entre a comunidade en prol da lingua galega coruñesa e o Concello da Coruña.

TÍTULO TERCEIRO. O PLENO

Artigo 9. Composición

O Pleno é o órgano máximo do Consello Local da Lingua Galega. Integran o Pleno do CLLG:

- 1. A persoa titular da Presidencia
- 2. A Vicepresidencia
- 3. A Secretaría
- 4. As e os vogais sinalados no artigo 4.

Incentivarase que haxa unha representación paritaria de homes e mulleres no Pleno do CLLG.

Como convidado pola Presidencia, ou logo de ser solicitado por maioría do Pleno ou da Comisión Permanente, poderá participar nas sesións, con voz pero sen voto, persoal técnico municipal ou persoas asesoras que desempeñen as súas funcións na concellería ou área con competencias en Normalización Lingüística. Poderá participar, así mesmo, persoal funcionario de calquera outra área, sempre cando se considerar oportuno, para os temas que se van tratar nas sesións do Pleno. Estas persoas terán voz pero non voto.

Poderá asistir ao Pleno calquera outra persoa ou entidade que sexa convidada pola persoa titular da Alcaldía cando o crea conveniente por se tratar de persoas ou entidades con coñecemento ou recoñecido prestixio sobre unha materia que vaia ser obxecto de debate e análise. Estas persoas terán voz pero non voto.

Artigo 10. Funcións

No Pleno debateranse os problemas, proxectos e as demais cuestións de interese para o desenvolvemento da política lingüística municipal, que lle sexan sometidos a consulta por parte da concellaría ou, de ser o caso, da área responsable de Normalización Lingüística.

Supón, xa que logo, unha canle de achega de propostas e suxestións que recollerá a Comisión Permanente do Consello Local da Lingua Galega para a súa análise de viabilidade e presentación ao Concello da Coruña.

Correspóndenlle ao Pleno as funcións seguintes:

- a) Aprobar os ditames e informes que procedan, conforme ás finalidades atribuídas no art. 3 destas normas.
- b) Aprobar o informe-memoria anual, que deberá achegarse coa memoria corporativa.
- c) Informar e asesorar o Concello, en relación cos temas da súa competencia, xa sexa de oficio ou por pedimento da Alcaldía, da concellaría ou, de ser o caso, da área.
- d) Propoñerlle ao Goberno municipal a realización de programas, campañas e actividades de normalización lingüística de interese municipal.
- e) Elixir as persoas que forman parte da Comisión Permanente ás que fai referencia o art. 19.5.

- f) Calquera outra función que lle sexa asignada polo Concello da Coruña en materia consultiva ou de participación e que teña que ver co ámbito da normalización lingüística.

Artigo 11. Clases de sesións

- a) *Ordinarias*: anualmente. No primeiro Pleno de constitución do CLLG establecerase o mes no que quedarán marcadas no calendario as sesións ordinarias anuais.
- b) *Extraordinarias*: serán convocadas pola Presidencia, xa sexa por iniciativa propia ou porque lle sexa solicitado pola Comisión Permanente ou por iniciativa dun mínimo da cuarta parte dos vogais do Pleno do CCLG.

Artigo 12. Orde do día e convocatoria das sesións

A convocatoria das sesións, coa correspondente orde do día, e xunto coa documentación correspondente relativa aos asuntos que se van tratar, deberá comunicárlles ás persoas integrantes do Pleno cunha antelación mínima de dez (10) días hábiles, agás que se trate de sesións extraordinarias, que se comunicarán cunha antelación de dous (2) días hábiles.

Logo de convocada unha sesión ordinaria, as e os vogais do CLLG, así como da Comisión Permanente, poderán remitirlle á Presidencia, nun prazo máximo de 2 días hábiles, unha proposta de inclusión de asuntos na orde do día. A Presidencia poderá decidir incluír estas propostas na sesión, de acordo co previsto no artigo 14, ou incluílas en outra sesión do Consello.

As convocatorias realizaranse preferentemente mediante correo electrónico, ou por outro medio electrónico, aos enderezos que cada persoa membro do Pleno declarase como indicados para recibir comunicacións. Se non for posible, levaranse a cabo conforme á normativa en vigor sobre procedemento administrativo.

A documentación correspondente a cada sesión deberá achegarse xunto coa orde do día.

Artigo 13. Quórum

Entenderase validamente constituído o Pleno cando estean presentes, en primeira convocatoria, a maioría absoluta dos/as integrantes. Se non se alcanzase ese quórum, entenderase validamente constituído en segunda convocatoria, media hora despois, coas persoas asistentes.

En todo caso, para que estea validamente constituído, e para os efectos de teren lugar as sesións, as deliberacións e de que se adopten os acordos, requirirase a presenza da Presidencia, da Vicepresidencia e da Secretaría.

Artigo 14. Asuntos non incluídos na orde do día

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure na orde do día, salvo que asistan todas as persoas integrantes do órgano colexiado e que sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Artigo 15. Desenvolvemento do debate

No desenvolvemento das sesións procurarase crear as condicións para que poidan estar presentes todos os puntos de vista e existir condicións para expresárense todas as opinións e propostas. O obxectivo non será sempre lograr o consenso pero si deberán buscarse acordos amplos, expresións e propostas elaboradas de forma colectiva que inclúan, se as houber, as diversas opinións.

Artigo 16. Procedemento do voto

O voto será persoal e non delegable, e será exercido pola persoa vogal titular ou pola súa suplente, se a tiver.

O voto será público e poderá ser favorable, contrario ou de abstención.

Os acordos ou propostas expresados mediante o voto adoptaranse por maioría simple das persoas presentes con dereito a voto.

Caso de que o resultado da votación sexa empate, farase unha nova votación. Se persiste o empate, decidirá o sentido do voto da Presidencia.

Artigo 17. Actas

A Secretaría redactará unha acta de cada sesión, na que se especificará quen son as persoas asistentes, os principais aspectos das deliberacións e os acordos adoptados.

As actas aprobaranse na seguinte sesión. Con todo, a Secretaría poderá emitir unha certificación sobre acordos específicos que se adoptaron, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

As actas definitivas serán públicas, publicaranse na páxina web do Concello e estarán a disposición de quen as requira.

Artigo 18. Dereitos e deberes das persoas integrantes do Pleno

As persoas integrantes do Pleno terán os seguintes dereitos:

- Realizar propostas para que sexan incluídas na orde do día.

- Participar nos debates das sesións, facer propostas e formular preguntas.
- Exercer o seu dereito ao voto e presentar, se fose o caso, o voto particular e expresar os seus motivos.
- Formar parte de calquera dos grupos de traballo que constituía a Comisión.
- Solicitar, a través da Secretaría, certificacións de acordos das sesións dos órganos do Consello.
- Desenvolver cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de integrante do Consello.

As ditas persoas terán, ademais, os seguintes deberes:

- Cumprir as normas de funcionamento do CLLG e os acordos adoptados polos seus órganos de Goberno.
- Non ter condutas ou realizar actividades ou manifestacións contrarias aos principios e obxectivos do CLLG.
- Manter unha relación continuada coas asociacións ou entidades ás que representan sobre os temas que se vaian tratar ou que se trataron no CLLG.
- Asistir, a través dos seus representantes, con regularidade, ás reunións que teñan lugar e procurar evitar a sucesión de persoas substitutas. Deberán xustificar previamente a falta de asistencia.
- Comunicar calquera cambio nos datos e enderezo de contacto.
- Absterse cando os asuntos que se traten afecten a intereses particulares da entidade.
- Gardar a confidencialidade precisa cando a natureza do asunto o requira.

TÍTULO CUARTO. A COMISIÓN PERMANENTE E OS GRUPOS DE TRABAJO

CAPÍTULO I. A COMISIÓN PERMANENTE

Artigo 19. Composición

A Comisión Permanente é o órgano encargado da xestión ordinaria do CLLG e de asumir a súa dirección cando o Pleno non estea reunido.

Estará integrada por:

1. A Presidencia
2. A Vicepresidencia
3. A Secretaría do CLLG, con voz pero sen voto
4. A persoa titular da concellería ou área con competencias en Normalización Lingüística
5. Ata un máximo de cinco vogais, que serán elixidos polo Pleno do propio Consello por proposta de calquera dos seus vogais e de entre os seus membros.
6. En calquera caso, poderán asistir ás sesións da Comisión Permanente unha/un representante de cada grupo político municipal da Corporación, con voz e sen voto.

A Presidencia poderá convidar a asistir ás sesións da Comisión Permanente a:

- Persoal técnico do Servizo de Normalización Lingüística, ou doutro servizo cando a materia que se vaia tratar sexa competencia da súa área.
- Persoal eventual ou directivo que preste servizos no Concello da Coruña, no exercicio das súas funcións de asesoramento especial.

Artigo 20. Funcións

A Comisión Permanente é o órgano colexiado encargado de velar polo bo funcionamento do CLLG. As súas funcións principais son:

- a) Solicitar a inclusión de puntos que se vaian tratar na orde do día de cada sesión plenaria do CLLG.
- b) Propoñer que se realicen grupos de traballo.
- c) Informar o Pleno dos acordos adoptados pola Comisión Permanente ou polos grupos de traballo.
- d) Realizar a comunicación bidireccional entre o Pleno e os grupos de traballo.
- e) Solicitar a convocatoria de sesións plenarias extraordinarias.
- f) Emitir os informes que lle solicite o Pleno do CLLG e propoñerlle a este cantas medidas e resolucións crea convenientes.

- g) Estudar e tramitar, con carácter excepcional, todas aquelas cuestións que, pola súa urxencia, non poidan esperar ao seguinte Pleno, no que se deberá informar do actuado.
- h) Comunicarlle ao Concello as demandas, suxestións, reclamacións e os demais asuntos que sexan presentados por entidades ou persoas do ámbito da normalización lingüística da cidade.
- i) Todas aquelas funcións que lle atribúa o Pleno do CLLG ou que non estean expresamente atribuídas a outro órgano do Consello.

Artigo 21. Funcionamento

Entenderase validamente constituído a Comisión Permanente cando estean presentes, en primeira convocatoria, a metade dos/as integrantes. Se non se alcanzase ese quórum, entenderase validamente constituído en segunda convocatoria, media hora despois, coas persoas asistentes.

En todo caso, para que estea validamente constituída, e para os efectos de teren lugar as sesións, as deliberacións e de que se adopten os acordos, requirirase a presenza da Presidencia, da Vicepresidencia e da Secretaría.

A Presidencia, por iniciativa propia ou por proposta dalgúns dos seus membros, poderá convidar a participar nas xuntanzas a outras persoas ou entidades relacionadas co tema que se vaia tratar na Comisión.

As sesións da Comisión Permanente serán:

- a) Ordinarias: dúas veces no ano.
- b) Extraordinarias: cando así o decida a Presidencia, por iniciativa propia ou por solicitude da metade dos seus integrantes.

As convocatorias para as sesións ordinarias realizaranse cunha antelación de dez (10) días hábiles. As sesións extraordinarias convocaranse con dous (2) días hábiles de antelación.

Os acordos adoptaranse por maioría simple, aínda que se procurará o consenso. En caso de empate, decidirá o sentido do voto da Presidencia.

CAPÍTULO II. AS COMISIÓNS ESPECÍFICAS OU GRUPOS DE TRABALLO

Artigo 22. Comisións específicas ou grupos de traballo

As comisións específicas ou grupos de traballo son órganos do CLLG para estudar e traballar sobre asuntos concretos, que teñen como función elaborar informes e propostas e realizar aquelas actividades que se consideren convenientes para os fins asignados en materia de normalización lingüística.

Serán constituídos pola Comisión Permanente entre asuntos que xurdan das deliberacións do Pleno ou da propia Comisión. Tamén se poderán crear comisións específicas ou grupos de traballo por petición expresa da Presidencia.

As comisións específicas ou grupos de traballo estarán integradas por vogais do CLLG. De entre eses/as vogais, designarase unha presidencia e unha secretaría.

Cando a Comisión Permanente o considere necesario, formarán parte dela tamén a Presidencia e a Secretaría do CLLG.

O número de persoas que deben formar parte dun grupo de traballo non poderá ser inferior a cinco nin superior a dez, incluídas as persoas que exercen de Presidencia e Secretaría.

En todas as comisións específicas ou grupos de traballo poderá participar unha persoa funcionaria do Concello da Coruña que sexa nomeada pola persoa titular da Alcaldía ou pola persoa titular da concellaría/área con competencias en Normalización Lingüística.

Tanto a persoa titular da concellaría con competencias en materia de normalización lingüística como quen sexa titular da dirección da mesma área poderán asistir aos grupos de traballo que así o desexen e terán voz e voto nos ditos grupos.

Para constituír un grupo de traballo, deberán asistir a maioría absoluta das persoas que o conforman, en primeira convocatoria. De non se alcanzar ese quórum, a sesión quedará adiada. En todo caso, deberán asistir as persoas nomeadas como Presidencia e Secretaría.

Os acordos que deba adoptar cada comisión específica ou grupo de traballo para lle seren remitidos posteriormente á Comisión Permanente ou ao Pleno deben ser aprobados por maioría simple. En caso de empate na votación, decidirá o sentido do voto da Presidencia.

TÍTULO QUINTO. A SECRETARÍA E OUTROS ÓRGANOS DE APOIO

Artigo 23. A Secretaría

A Secretaría do Consello Local da Lingua Galega, así como dos diferentes órganos de funcionamento, será exercida por unha persoa funcionaria da concellaría ou área con competencias en Normalización Lingüística. A persoa secretaria terá voz pero non voto.

No caso da creación de comisións específicas ou grupos de traballo, non será necesario que asista a Secretaría do CLLG, salvo que así o decida expresamente a Comisión Permanente do CLLG.

A persoa titular da Alcaldía da cidade da Coruña nomeará a persoa que deberá exercer esas funcións, así como a dúas persoas suplentes, para o caso de ausencia ou enfermidade.

Poderase nomear a unha persoa distinta para cada órgano de funcionamento do Consello.

Correspóndelle á Secretaría:

- a) Realizar as convocatorias das sesións nos prazos establecidos, segundo a orde do día que determine a Presidencia.
- b) Preparar a documentación que sexa precisa para abordar os asuntos e contidos das xuntanzas convocadas.
- c) Redactar unha acta das xuntanzas e comunicar os ditames e peticións que se adopten.

Artigo 24. Outros órganos de apoio ou asesoramento

A Presidencia poderá designar persoal funcionario do Concello da Coruña, outros órganos de apoio ou asesoramento, xurídico ou económico, que poderán formar parte dos diferentes órganos de funcionamento do Consello con voz pero sen voto, sempre e cando os temas que se vaian tratar en calquera deses órganos requiran un asesoramento específico.

DIPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. Unha vez coñecido o número real de persoas que forman parte do Consello Local da Lingua Galega, e logo de realizar os convites oportunos, poderanse revisar as normas de funcionamento do dito órgano mediante un decreto da persoa titular da Alcaldía, co fin de adecualas á realidade da composición do CLLG.

Segunda. Naquilo que non se atope recollido nestas normas, o funcionamento do Consello Local da Lingua Galega e dos seus órganos rexerase en primeiro lugar pola lexislación básica en materia de réxime local, en especial pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; así como polo Regulamento orgánico municipal. Supletoriamente, rexerase pola lexislación básica estatal en materia de procedemento administrativo e réxime xurídico do sector público, nomeadamente pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DISPOSICIÓN FINAL E ENTRADA EN VIGOR

Unha vez aprobadas pola Alcaldía estas normas de organización e funcionamento serán publicadas na páxina web do Concello da Coruña para coñecemento xeral. Publicaranse ademais no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As normas entrarán en vigor dende o momento da súa aprobación. “

2025/5532